

## ANEXO I

### BAREMO PARA A CUALIFICACIÓN DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO SUBSTITUTO

As persoas candidatas terán que seleccionar un máximo de 10 méritos de entre os que a continuación se relacionan, tendo en conta que, dentro de cada un destes tres bloques (titulación/formación académica, experiencia docente, e experiencia laboral/investigadora), cada un dos apartados de cada bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas. Para cada mérito presentado, a persoa candidata terá que explicar a relevancia do mérito elixido para a listaxe de agarda á que se está a presentar e introducirá, así mesmo, a puntuación que este supón, dacordo co baremo aquí relacionado e coa documentación aportada.

#### 1. TITULACIÓN/ FORMACION ACADÉMICA

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartados correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns ou áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración á das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas). Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.\*

Matrícula de honra	10
Sobresaliente	9,0 – 9,9
Notable	7,0 – 8,9
Aprobado	5,0 – 6,9

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos
- c) Expediente académico no Mestrado (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas)\*

Matrícula de honra	10
Sobresaliente	9,0 – 9,9
Notable	7,0 – 8,9
Aprobado	5,0 – 6,9

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

e) Tese de Doutoramento\*

Sobresaliente “cum laude” (ou Apto “cum laude”)	10
Sobresaliente	9,0 – 9,9
Notable	7,0 – 8,9
Aprobado	5,0 – 6,9

f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos

g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto

h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto

i) Avaliación do coñecemento do galego (segundo o artigo 26 do II Convenio Colectivo de PDI): máx. 1 punto

\*No caso de non figurar nota numérica no expediente académico, a comisión acordará unha nota cuantitativa para cada un dos niveis, que será a mesma para todas as persoas candidatas afectadas. No caso de que o expediente académico non estea calculado en base a 10, este será prorrateado.

## 2. EXPERIENCIA DOCENTE

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación do/s apartado/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns. No caso de áreas non afíns quedará a discreción da comisión igualar a súa valoración á das áreas afíns ou fixar unha puntuación inferior.

a) Docencia universitaria:

- i. 2 puntos por cada curso académico de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
- ii. Para a docencia en réxime de dedicación a tempo parcial aplicarase o seguinte prorrateo:
  - 1,5 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
  - 1,25 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
  - 1 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
  - 0,75 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P3 (90 h)

b) Docencia non universitaria:

- I. 0,125 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- II. 0,05 puntos por cada curso de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).

- c) Titorización de TFGs/TFMs ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto. Dividirase por dous no caso de co-titorización.
- d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
- e) Cursos de formación docente recibidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes. Cada un deles suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
- f) Cursos de formación docente impartidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes. Cada un deles suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
- g) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto
- h) Outros méritos docentes: ata o máximo de 1 punto.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

### 3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza. Para outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, a puntuación será a determinada pola comisión. No caso de experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, a súa avaliación quedará, igualmente, a discreción da comisión.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano (entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fidedigno a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da listaxe de agarda á que se está a presentar.
- b) Actividade laboral que non requira título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fidedigno a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da listaxe de agarda á que se está a presentar.
- c) Publicación investigadora: a persoa candidata poderá presentar ata 3 publicacións das que considere máis relevantes. Cada unha delas suporá un mérito independente e poderá ser avaliada ata un máximo de 1 punto.
- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata poderá presentar ata 3 proxectos dos que considere máis relevantes. Cada un deles suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadias de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.